

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Decreto 35/2009, do 29 de xaneiro, polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Narón, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de reformado das obras de urbanización da vía de saída da rúa Cangas á estrada de Castela.

O Concello de Narón, en sesión que tivo lugar o día un de marzo de dous mil sete, aprobou o proxecto definitivamente na Xunta de Goberno Local, reformado das obras de urbanización da vía de saída da rúa Cangas á estrada de Castela e, na sesión do trinta de marzo de dous mil sete acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens en que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Que o dito expediente tivo entrada na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e contén a xustificación acreditativa da motivación para a declaración de urxente ocupación.

Que o expediente foi tratado na Comisión de Secretarios Xerais previa á súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

Que o expediente contén a documentación a que se refire o artigo primeiro da Orde do 7 de decembro de 1983, sobre declaracións de urxente ocupación, así como a exixida no artigo 3 da Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria.

En consecuencia, considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que, segundo o concello, con esta actuación se solventarían as situacións de colapso no propio centro urbano, debido á alta densidade de tráfico nesta zona, que se incrementará polo seu desenvolvemento urbanístico e por constituír acceso a un gran número de centros públicos, ademais de evitar as retencións producidas no enlace directo coa autoestrada AP-09 na rúa en que desemboca.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na

súa reunión do día vinte e nove de xaneiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Narón, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto de reformado das obras de urbanización da vía de saída da rúa Cangas á estrada de Castela; deberanse, de ser o caso, unha vez ocupados os terreos necesarios, obter as autorizacións que fosen necesarias dos organismos competentes, con carácter previo ao inicio das obras.

Santiago de Compostela, vinte e nove de xaneiro de dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 16 de febreiro de 2009 pola que se convocan actividades formativas de inglés, francés, alemán, portugués e de artes plásticas para o ano 2009 no estranxeiro, destinadas a profesorado que imparte docencia en niveis non universitarios e se aproban as súas bases de concesión.

No marco da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), dentro da cooperación interterritorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte (PALE); dentro dos desenvolvementos que sobre linguas estranxeiras se regulan nos decretos 130/2007, do 28 de xuño, e 133/2007, do 5 de xullo, que establecen os currículos da educación primaria e da educación secundaria obrigatoria, respectivamente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén convocando, desde hai once anos, actividades formativas no estranxeiro para o profesorado, co obxecto de fomentar a actualización metodolóxica e a mellora do seu nivel de competencia comunicativa en contacto directo coa

cultura dos países de orixe das linguas inglesa, francesa, alemá e portuguesa. Máis recentemente, esta consellería, consciente da importancia da aprendizaxe destas linguas para os cidadáns da nosa comunidade autónoma e da preocupación que neste sentido se manifesta desde todos os ámbitos sociais, puxo en marcha o proxecto de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo da educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria, o programa CUALE e os programas de seccións e aulas bilingües, respectivamente, que requiren para a súa óptima implantación dun profesorado especialista actualizado e cun alto nivel de competencia comunicativa.

O contexto europeo da nosa comunidade, plurilingüe e multicultural, exige que todos os membros da sociedade estean en igualdade de condicións para poderen acceder e gozar das oportunidades que a Unión Europea lles ofrece no mundo laboral, persoal e de acceso á cultura a través das tecnoloxías da comunicación e da información. A consecución destes obxectivos debe igualmente considerarse desde a perspectiva da contribución a reforzar unha cidadanía europea activa, cunha educación que invite a xente nova a asumir as súas responsabilidades a nivel supranacional e de contribución á creación dunha Unión Europea aberta a todos os países, baseada na comprensión, a cooperación, a tolerancia e a solidariedade.

Na procura destes fins, a Administración educativa galega é consciente da súa tarefa na formación permanente do profesorado e no deseño de actividades formativas que lle proporcionen a oportunidade de enriquecer os coñecementos nestas linguas, noutros sistemas educativos e no contorno cultural deles.

Baseándose na cooperación activa entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e institucións e organizacións educativas estranxeiras, establécese un deseño de actividades formativas para realizar en Canadá, Francia, Irlanda, Alemaña e Portugal, coa oferta de cursos de formación e de actividades de intercambio de profesorado que lles facilite a mellora da competencia lingüística e fomente o interese pola cultura dese país.

En consecuencia co anteriormente exposto, e en virtude das competencias que lle son atribuídas pola normativa vixente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxectivo desta convocatoria.

O obxectivo desta orde é convocar actividades de formación no estranxeiro para o ano 2009, dirixidas ao profesorado de ensino primario e do ensino secundario, con destino actualmente e durante o vindeiro curso 2009-2010 en centros públicos

dependentes desta comunidade autónoma ou na Inspección Educativa.

Para os efectos desta orde as persoas solicitantes serán consideradas:

-Profesorado de ensino secundario (PES): o profesorado dos corpos de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de artes plásticas e deseño, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e membros da Inspección Educativa.

-Mestres: profesorado dos corpos de mestres.

As actividades convocadas son as que figuran no anexo III desta convocatoria.

No caso de quedaren prazas vacantes nas reservas indicadas no anexo III serán cubertas polo resto do profesorado solicitante da actividade ata completar o número total de prazas de cada un dos cursos.

Artigo 2º.-Modalidade das actividades.

O profesorado poderá solicitar os dous tipos de actividade: cursos e intercambio, indicando na folla de solicitude do anexo I a súa prioridade. Na actividade de intercambio posto a posto a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá reducir o número de prazas ofertadas naqueles casos en que a administración educativa colaboradora do país correspondente non poida dispoñer do profesorado necesario para a formación das parellas de docentes.

Artigo 3º.-Financiamento das actividades.

O financiamento dos gastos descritos realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.4221.640.1 e por importe de 234.300 € no exercicio orzamentario de 2009.

Artigo 4º.-Condicións e requisitos de participación.

As persoas solicitantes destas actividades deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ser profesor/a, inspector/a ou asesor/a de linguas estranxeiras para as actividades que así o requiran.

Para os efectos desta orde enténdese que son especialistas de idiomas: os catedráticos/as e profesores/as de ensino secundario de inglés, francés, alemán e portugués, os mestres/as de inglés e francés e os catedráticos/as e profesores/as de EOI de francés, inglés, alemán e portugués.

2. Impartir as materias propias do currículo de arte na educación secundaria obrigatoria, na formación profesional, no bacharelato ou ensinanzas especiais, ser asesor/a de formación permanente do profesora-

do ou inspector/a especialista de artes, para o curso de aprofundamento en técnicas plásticas.

3. Ter, como mínimo, tres anos de antigüidade (con data do 31 de agosto de 2009) como funcionario/a de carreira no corpo de mestres, nos corpos de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de artes plásticas e deseño, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e da Inspección Educativa. No caso do profesorado solicitante das actividades de intercambio posto a posto, a existencia será ser funcionario en prácticas ou funcionario de carreira, sen mínimo de antigüidade.

4. Estar en situación de servizo activo en centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou na inspección educativa no momento da solicitude e durante o curso para o que se solicita a actividade.

5. Acreditar a posesión do título de Celga 4 ou certificación equivalente, agás para os docentes que imparten lingua galega.

Artigo 5º.-*Criterios de exclusión.*

Persoal excluído desta convocatoria.

-Os solicitantes aos que se lles concedese un curso de formación destas accións formativas nas convocatorias dos anos 2004, 2005, 2006, 2007 e 2008.

-Os solicitantes que estean gozando no curso 2008-2009, ou que teñan concedida para o curso 2009-2010, licenza por estudos outorgada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 6º.-*Organización e características dos cursos.*

1. A organización dos cursos e do intercambio posto a posto correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, quen poderá concertar os servizos necesarios para levar a cabo estas actividades.

2. A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, co obxecto de asegurar un mellor desenvolvemento destas actividades na súa modalidade de curso de formación, promoverá a elección dunha persoa coordinadora de grupo entre as persoas seleccionadas para participaren en cada un dos cursos convocados.

As funcións da persoa coordinadora de grupo serán de enlace entre o profesorado seleccionado e o Servizo de Formación do Profesorado, por unha banda, e de enlace do profesorado seleccionado e a institución educativa que imparta o curso, pola outra.

3. Os cursos para especialistas e o intercambio estarán orientados á mellora do nivel de competencia lingüística e á actualización metodolóxica no ensino das linguas estranxeiras e no ensino precoz delas. Os cursos para profesorado non especialista están orientados á mellora do nivel de competencia lingüística no idioma obxecto do curso. Impartirase ademais un curso de aprofundamento en técnicas plásticas en lingua inglesa dirixido a profesorado que imparta as materias propias do currículo de ensinanza artísticas-plásticas.

Artigo 7º.-*Solicitudes de participación e prazo de presentación.*

Para poder facilitar e axilizar o trámite de selección, as persoas solicitantes deberán completar, online, a solicitude e anexo que como formulario electrónico atoparán na páxina web <http://www.edu.xunta.es/formaes>. As solicitudes, unha vez validadas e impresas, deberán estar asinadas polas persoas solicitantes.

Posteriormente, estas solicitudes deberán dirixirse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, San Caetano s/n 15781 Santiago de Compostela, xunto coa documentación expresada no artigo 8º; deberán presentarse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, a través do rexistro xeral da Xunta de Galicia, Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza e nas súas delegacións provinciais ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sendo imprescindible que na instancia apareza a data de recepción no organismo público correspondente. Se a solicitude é remitida por correo, é necesario que se presente en sobre aberto para que sexa datado e selado pola persoa funcionaria de correos antes de que se proceda á súa certificación.

Artigo 8º.-*Documentación.*

Á solicitude xuntaráse a seguinte documentación:

a) No caso dos docentes destinados en centros públicos certificado expedido polo secretario/a do centro, co visto e prace do seu director/a, en que conste a materia ou materias que imparte a persoa solicitante durante o curso 2008-2009.

b) Título de Celga 4 ou certificación equivalente, agás para os docentes que impartan lingua galega.

c) Acreditación dos méritos académicos, profesionais ou de calquera índole que se considere conveniente alegar. Estes serán xustificados mediante os documentos que se especifican no baremo que se inclúe no anexo II desta orde.

d) Relación numerada e asinada da documentación presentada, seguindo a orde que aparece no indicado anexo II.

A compulsa de documentos xustificativos de méritos, e calquera outro que a persoa solicitante incorpore á súa instancia, poderá efectuarse nos centros de educación infantil/primaria, centros públicos integrados, centros de secundaria e escolas de ensino de réxime especial, compulsa que asinará o/a director/a ou secretario/a do centro, sen prexuízo de que poida realizarse nos distintos órganos administrativos acreditados para tal fin.

Non serán tidos en conta nin valorados os méritos alegados e non xustificados debidamente, nin os que se aleguen fóra do prazo ao que se refire o artigo 7º desta convocatoria.

Artigo 9º.-Procedemento para a adxudicación das prazas.

1. A selección das persoas candidatas realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

-Presidenta: a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

-Vogais: ata un máximo de catro vogais, con categoría de subdirector xeral, xefe de servizo ou membros da Inspección Educativa.

-Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

-Os sindicatos integrantes da mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear un representante para asistir ás sesións da comisión.

-A comisión poderá solicitar a incorporación de persoas asesoras especialistas, limitándose as devanditas persoas a prestaren a súa colaboración.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos méritos previstos nos puntos 1 e 2 do baremo do anexo II. Ás reunións desta subcomisión poderán asistir representantes das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente.

Esta comisión rexerá polo previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

2. A comisión seleccionadora realizará unha preselección segundo a puntuación obtida conforme o baremo que figura como anexo II desta convocatoria. En caso de empate entre os funcionarios, este dirimirase atendendo sucesivamente os seguintes criterios:

- a) Maior puntuación no punto 1 do baremo.
- b) Maior puntuación no punto 2.2 do baremo.

De manterse o empate, terá preferencia a persoa de maior antigüidade no corpo.

3. Finalizada a preselección, a comisión fará pública a resolución provisional, que se exporá no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no edificio administrativo de San Caetano e nos das delegacións provinciais, así como no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (www.edu.xunta.es/formaes) na internet.

A exposición abrirá un prazo de dez días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias á concesión das actividades perante a presidenta da comisión. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as ditas reclamacións e renuncias, a comisión seleccionadora elevaralle a proposta definitiva á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá a relación final dos seleccionados e de suplentes ordenados por puntuación.

A resolución definitiva publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e exporase nos taboleiros de anuncios e no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (www.edu.xunta.es/formaes) na internet.

4. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 10º.-Renuncias e retirada de documentación.

1. Unha vez resolta esta convocatoria, soamente se admitirán renuncias ás actividades concedidas en casos de excepcional gravidade e libremente apreciadas pola presidenta da comisión avaliadora.

As prazas vacantes seranlles ofertadas aos candidatos/as suplentes por chamamento directo segundo a relación publicada.

2. Unha vez transcorridos tres meses desde a data de publicación da resolución definitiva no *Diario Oficial de Galicia*, as persoas interesadas, ou os seus representantes legais, disporán dun prazo de seis meses para poder retirar a documentación ante a presidenta da comisión. Unha vez transcorrido o dito prazo, entenderase que renuncian á súa devolución.

3. As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de seis meses, desde a data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 11º.-Comunicación.

Toda a información con respecto á organización e ao desenvolvemento dos cursos, viaxes ao lugar de realización e reunións informativas será anunciada no enderezo web <http://www.edu.xunta.es/formaes>

Artigo 12º.-Condicións económicas.

1. Cantidades que se percibirán:

a) Os gastos de docencia dos cursos en Irlanda, así como os de aloxamento e mantenza, serán financiados directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Ás persoas participantes proporcionaráselles un cuarto na residencia da Universidade de Limerick, incluíndo o dereito ao uso da cociña do apartamento, así como os bonos para o xantar no comedor da universidade, ou nun comedor similar, nos días lectivos. O profesorado asistente percibirá o importe correspondente aos gastos de desprazamento desde o centro de destino ao lugar de realización do curso e viceversa. As persoas asistentes percibirán bolsas de 40 € por día correspondentes ás fins de semana. Por estes dous conceptos, viaxe e bolsa, o profesorado non poderá percibir unha contía superior aos 1.000 € por participante.

b) Os gastos de docencia dos cursos en Canadá, así como os da viaxe, aloxamento e mantenza, serán financiados directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. As persoas participantes aloxaranse con familias canadenses en réxime de pensión completa.

c) Os gastos de docencia, os de aloxamento e xantar, nos días lectivos, dos cursos de francés que teñan lugar en Nantes, serán financiados directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Este profesorado percibirá o importe correspondente aos gastos de desprazamento desde o centro de destino ao lugar de realización do curso e viceversa, así como as bolsas de 40 € por día correspondentes ás fins de semana e día festivo. Por estes dous conceptos, viaxe e bolsa, o profesorado non poderá percibir unha contía superior aos 900 € por participante.

d) Os gastos de docencia, os de aloxamento e xantar, nos días lectivos, do curso de alemán que teña lugar en Freiburg serán financiados directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Este profesorado percibirá o importe correspondente aos gastos de desprazamento desde o centro de destino ao lugar de realización do curso e viceversa, así como as bolsas de 40 € por día correspondentes á fin de semana. Por estes dous conceptos, viaxe e bolsa, o profesorado non poderá percibir unha contía superior aos 1.000 € por participante.

e) Os gastos de docencia, os de aloxamento e manutención, nos días lectivos, do curso de portugués que teña lugar en Braga, serán financiados directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Este profesorado percibirá o

importe correspondente aos gastos de desprazamento desde o centro de destino ao lugar de realización do curso e viceversa, así como as bolsas de 35 € por día correspondentes á fin de semana. Por estes dous conceptos, viaxe e bolsa, o profesorado non poderá percibir unha contía superior aos 650 € por participante.

f) O profesorado de francés de secundaria e de escolas oficiais de idiomas que sexa seleccionado para participar na actividade de intercambio posto a posto con Francia recibirá unha bolsa de estudos por día de 90 €, así como o importe correspondente aos gastos de desprazamento desde o seu centro de destino ao centro de destino francés e viceversa. Por estes dous conceptos, viaxe e bolsa, o profesorado non poderá percibir unha contía superior aos 2.230 € por participante.

2. Para facer efectivas estas cantidades os beneficiarios deberán presentar no prazo de 15 días, contado desde a data da finalización:

a) Unha memoria pedagóxica da actividade, expresada en lingua galega, segundo as pautas proporcionadas polo Servizo de Formación do Profesorado.

b) Xustificación da totalidade do custo da viaxe acompañada dos xustificantes orixinais (billetes de avión, autobús, tren, etc.).

c) Copia compulsada do certificado expedido polo centro estranxeiro, no caso dos asistentes a cursos de idiomas.

Artigo 13º.-Retribucións.

Durante o tempo de duración das actividades de formación o profesorado seleccionado recibirá os emolumentos correspondentes ás súas retribucións básicas e complementarias, ademais da axuda compensatoria de gastos mencionada no artigo 12º desta orde.

Artigo 14º.-Habilitación normativa.

Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar as medidas necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta orde.

Artigo 15º.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2009.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO SOLICITUDE PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO ESTRANXEIRO. ANO 2009	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED305F	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

NIF	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME

SOLICITA: Que lle sexa concedida a actividade de formación que se sinala a seguir.

I.- ACTIVIDADES	II.- CORPO E ESPECIALIDADE
<input type="checkbox"/> 1.- Curso de lingua inglesa Canadá (PES, EOI, inspectores e asesores especialistas). <input type="checkbox"/> 2.- Curso de lingua inglesa Canadá (mestres e asesores especialistas). <input type="checkbox"/> 3.- Curso de lingua inglesa Limerick (PES non especialistas) 6-17 xullo. <input type="checkbox"/> 4.- Curso de lingua inglesa Limerick (PES non especialistas) 20-31 xullo. <input type="checkbox"/> 5.- Curso de lingua inglesa Limerick (mestres non especialistas) 6-17 xullo. <input type="checkbox"/> 6.- Curso de lingua inglesa Limerick (mestres non especialistas) 20-31 xullo. <input type="checkbox"/> 7.- Curso de afondamento en técnicas de artes (PES, inspectores e asesores de artes). <input type="checkbox"/> 8.- Curso de lingua francesa (mestres, PES, EOI, inspectores e asesores especialistas). <input type="checkbox"/> 9.- Curso de lingua francesa (mestres non especialistas). <input type="checkbox"/> 10.- Curso de lingua francesa (PES non especialistas). <input type="checkbox"/> 11.- Curso de lingua alemá (PES, mestres especialistas e non especialistas). <input type="checkbox"/> 12.- Curso de lingua portuguesa (PES, mestres especialistas e non especialistas). <input type="checkbox"/> 13.- Intercambio de francés (PES especialistas).	<input type="checkbox"/> Mestres. <input type="checkbox"/> Profesores de ensino secundario. <input type="checkbox"/> Inspección Educativa. <input type="checkbox"/> Asesores. <input type="checkbox"/> EOI. <input type="checkbox"/> Non especialistas. <input type="checkbox"/> Especialidade de artes. <input type="checkbox"/> Especialidade de inglés. <input type="checkbox"/> Especialidade de francés. <input type="checkbox"/> Especialidade de alemán. <input type="checkbox"/> Especialidade de portugués.
	Gozou desta axuda nalgunha das 5 últimas convocatorias: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

NOTA: no caso de solicitar días o máis actividades, sinala claramente a súa preferencia (1ª, 2ª, 3ª, etc.)

III.- DATOS PROFESIONAIS

CÓDIGO DO CENTRO	NOME DO CENTRO		
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO DO CENTRO	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

IV.- DATOS PERSOAIS

TELÉFONO PARTICULAR	TELÉFONO MÓBIL	ENDEREZO PARTICULAR	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
CORREO ELECTRÓNICO PARTICULAR			

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:** presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 16 de febreiro de 2009 pola que se convocan actividades formativas de inglés, francés, alemán, portugués e de artes plásticas para o ano 2009 no estranxeiro, destinadas a profesorado que imparte docencia en niveis non universitarios e se aproban as súas bases de concesión.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSO A QUE O/A REPRESENTA <i>Lugar e data</i>		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
_____, de _____ 20		

BAREMO

Méritos	Puntos por curso ou actividade	Total puntos máximo	Documentos
1. Méritos docentes -Por cada ano de servizo na función pública docente (non se computarán os exixidos como requisito).	1 punto por ano completo.	Por esta epígrafe ata 10 puntos.	
2. Actividades de formación permanente do profesorado: actividades de formación permanente organizadas ou homologadas polas administracións educativas. 2.1. Docencia en actividades de formación do profesorado: NOTA: para as titorías de prácticas, do ICE e das universidades (prácticas de psicopedagogía ou similar) puntuarase 0,10 puntos por cada ano. 2.2. Asistencia e/ou coordinación de actividades de formación do profesorado. 2.3. Participación en proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo da educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria, e participación no plan experimental de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria establecido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Participación no programa CUALE da Consellería de Educación e O.U. Participación no Programa de seccións bilingües da Consellería de Educación e O.U. Participación no Programa de aulas bilingües da Consellería de Educación e O.U. Atención a alumnado inmigrante. 2.4. Participación en intercambios ou estadas formativas, con alumnos, no estranxeiro. 2.5. Non ter asistido a actividades desta convocatoria en anos anteriores.	0,05 puntos por cada 10 horas de formación 0,05 puntos por cada 10 horas de formación 0,5 puntos por ano 0,5 puntos por actividade. 3 puntos	1 punto 3 puntos 3 puntos 3 puntos	Fotocopias compulsadas das certificacións acreditativas Fotocopias compulsadas das certificacións acreditativas. No caso da atención ao alumnado inmigrante certificación do secretario do centro co Vº e Pº do seu director. Certificación acreditativa emitida pola administración educativa correspondente.
3. Publicacións. NOTA: a puntuación de cada publicación divídese polo número de autores.	Libro: -non especializado ata 0,50. -especializado ata 1 Artigo en revista: -non especializada. 0,10 -especializada 0,20. Vídeo/casette, CD, disquete: -non especializado 0,25. -especializado 0,50	3 puntos	Exemplares orixinais ou fotocopias compulsadas da totalidade do traballo, en que conste o ISBN se son libros ou o ISSN se son revistas. As publicacións en soporte audiovisual ou informático tamén deberán ter ISBN.

ANEXO III

Curso	Destinatarios	Reserva de prazas	Nº total de prazas	Lugar	Datas
1. Lingua inglesa	PES especialistas	1 Inspección, 1 Asesoría, 2 EOI especialistas	20	Canadá	6 a 31 xullo 2009
2. Lingua inglesa	Mestres especialistas	1 Asesoría especialista	20	Canadá	6 a 31 xullo 2009
3. Lingua inglesa	PES non especialistas		25	Limerick (Irlanda)	6 a 17 xullo 2009
4. Lingua inglesa	PES non especialistas		25	Limerick (Irlanda)	20 a 31 xullo 2009
5. Lingua inglesa	Mestres non especialistas		20	Limerick (Irlanda)	6 a 17 xullo 2009
6. Lingua inglesa	Mestres non especialistas		20	Limerick (Irlanda)	20 a 31 xullo 2009
7. Afondamento en técnicas plásticas en inglés	PES de artes	1 Inspección, 1 Asesoría de artes	20	Limerick (Irlanda)	6 a 17 xullo 2009
8. Lingua francesa	PES/Mestres especialistas	1 Inspección, 1 Asesoría, 2 EOI especialistas	15	Nantes (Francia)	6 a 25 xullo 2009
9. Lingua francesa	Mestres non especialistas		30	Nantes (Francia)	6 a 25 xullo 2009
10. Lingua francesa	PES non especialistas		30	Nantes (Francia)	6 a 25 xullo 2009
11. Lingua alemá	PES/Mestres especialistas e non especialistas		15	Freiburg (Alemaña)	6 a 17 xullo 2009
12. Lingua portuguesa	PES/Mestres especialistas e non especialistas		30	Braga (Portugal)	6 a 17 xullo 2009

Actividade	Destinatarios	Nº prazas	Lugar	Datas
Intercambio Posto a posto de francés	PES especialistas	10	Francia	1º trimestre curso 09/10

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009.

Advertidos erros na Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas pre-

vistas no contrato de explotación sustentable no ano 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 21, do 30 de xaneiro de 2009, cómpre facer as seguintes correccións:

Engádense ao final do texto da orde os seguintes anexos:

ANEXO I

Documentación que debe acompañar a solicitude unificada

a) Documentos constitutivos da solicitude:

Modelos indicados no cadro seguinte segundo o tipo de axuda solicitado.

De ser o caso de presentarse co rexistro telemático, levará unha indicación de que a solicitude foi auten-